**ALUMNADO DE 2º C**

***COMPETENCIA MATEMÁTICA***

**CÁLCULO MENTAL**

Co fin de practicar o cálculo mental, escribimos diferentes operacións en depresores de cores, para facelo de maneira mais lúdica.

Practicamos en gran grupo, pequeno grupo, parellas,… Segundo imos avanzando, podemos aumentar o nivel de complexidade.








**MAIOR QUE, MENOR QUE**

Para interiorizar os signos “maior que e menor que” decoramos palitos ao gusto de cada un e despois xogamos a ordenar números.







**APRENDEMOS A MEDIR**

Aprendemos diferentes medidas como o quilómetro o centímetro e o metro. Para estas últimas empregamos a regra e a cinta métrica. Medimos cousas pequenas como a goma, o lapis, os dedos,… e outras nas que necesitamos a cinta métrica como a zancada, a perna, a mesa, a ventá,…







**¡A MULTIPLICAR!**

Estamos iniciándonos na multiplicación e imos aprender para qué se utiliza, en que situacións nos pode servir, etc.

Empregamos pompóns e pratos para aprender a multiplicar xogando: poñemos un exemplo e hai que colocar o mesmo número de pompóns nos pratos correspondentes. En cada exemplo imos dicindo que poden representar os pompóns e os pratos (laranxas nas cestas; cores nos estoxos; flores nos xarróns,…)





## COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

**REGRAS ORTOGRÁFICAS**

Traballamos diferentes regras ortográficas que despois é importante recordar. Moitas destas as imos recollendo no noso "tren ortográfico", que xa ten catro vagóns.









**QUEN É QUEN?**

Traballamos a descrición de persoas e unha das actividades consistiu en que cada neno/a tiña que debuxarse e describirse así mesmo (fisicamente, carácter, aficións,…). Despois xogamos a adiviñar “quen é quen?”.





